

Agrupamento 1º ESO

1ª sesión (páxina 25: 2, 3, 4, 5, 6)

2 As tatuaxes foron unha práctica **eurasiática** en tempos **neolíticos**, encontrándose incluso nalgunhas **momias** cunha antigüidade de ata 7.000 anos.

Algunhas culturas **tribais** creaban as tatuaxes cortando a pel e untando a ferida con tinta, cinza ou outro material, ou ben punzando a pel con ósos de animais.

Os europeos redescubriron a tatuaxe durante a exploración do **Pacífico** meridional nos anos 1770. Os mariñeiros tomáronos coma un símbolo identificativo na cultura europea tras a **Primeira Guerra Mundial**.

Dende hai varias décadas a tatuaxe gañou sona como forma artística. Moitas galerías da arte contemporánea expoñen fotos e deseños de tatuaxes.

Os **deseños** da tatuaxe producidos en masa que se venden aos tatuadores e estudos de tatuaxe coñécense co termo inglés "*flash*".

A palabra tatuaxe é orixinaria da palabra inglesa "**tattoo**", que a súa vez provén do termo samoano "**tátatu**", que significa *marcar* ou *golpear dúas veces* (referíndose este último ao método tradicional de aplicar os deseños ou modelos). Os mariñeiros que viaxando polo Pacífico encontraron aos **samoanos**, e os que quedaron fascinados polas súas tatuaxes, equivocadamente traduciron a palabra "tátatu" coma tatuaxe. En xaponés a palabra usada para os deseños tradicionais ou aqueles deseños que son aplicados usando métodos tradicionais é "**irezumi**" (*inxeción de tinta*), mentres que "**tattoo**" se usa para deseños de orixe no xaponés.

En galego, os entusiastas da tatuaxe poden referirse a estes como "tattoos", ou o termo castelanizado de "*tatu*", aínda que ningún destes dous termos están recollidos no Dicionario da **Real Academia Galega**.

A utilidade das tatuaxes é diversa: identificación, cosmética, relixión e feiticería son os exemplos máis comúns. En ocasións, fíxose un mal uso da tatuaxe, como no caso do sistema de identificación dos **xudeus** nos campos de concentración durante a **Segunda Guerra Mundial**.

Alguns animais tamén son tatuados en ocasións, normalmente por razóns identificativas.

3. Un/unha tatuador/a debe: empregar material estéril e, preferentemente, dun único uso; utilizar agulla, mellor do que pistola, para facer as perforacións; lavar as mans; levar sempre postas luvas cirúrxicas desbotábeis; evitar tocar nada que non sexa o material de traballo e a parte do corpo que vai tatuar; usar agullas e tintas dun só uso; empregar nos piercings pezas de aceiro cirúrxico, ouro de 14 a 18 quilates ou titanio e prescindir da prata de lei; traballar unicamente sobre áreas de pel sas previamente desinfectadas; facilitar ao/á cliente información –nomeadamente por escrito– relativa aos cuidados das lesións provocadas por tatuaxes e piercings; responder preguntas e solucionar dúbidas do/da cliente.

4. Lesións e infeccións na zona en que se realiza a tatuaxe ou o piercing, doenzas con risco de morte e alerxias. A resposta aparece no segundo e no sétimo parágrafos.

5. Resposta aberta. Exemplos: lugares de traballo relacionados coa saúde (hospitais, clínicas etc.), laboratorios, establecementos en que se sirvan comidas e bebidas (restaurantes, cafés etc.) e, no xeral, todos aqueles locais en que se reúnan moitas persoas (hoteis, estadios...)

. 6. Dentadura: lavar os dentes; pasar o fio dental; ir ao/á dentista; reducir o consumo de azúcares... Pel: ducharse; evitar o abuso do xel; botar crema hidratante e crema solar... Ollos: pór lentes cando for necesario; non levar lentes de contacto demasiadas horas seguidas e coidar a súa limpeza; acudir ao/á oculista; reducir o tempo de exposición da vista á luz das pantallas da televisión, do computador, do teléfono móbil... Mans: lavar as mans con frecuencia; botar crema hidratante; manter as uñas limpas e coidadas...

2ª SESIÓN

Páxina 43(2,3,4,5 e 6)

2. Cando unha persoa ten dificultades para realizar determinados traballos por causa dunha lesión ou dunha deficiencia, adoita precisar de axuda ou de apoio na súa vida diaria para desempeñar certas tarefas e desenvolver a súa vida con maior normalidade; esta necesidade provoca que o/a discapacitado/a dependa doutras persoas.

3. As barreiras arquitectónicas son aqueles elementos que obstaculizan ou impiden a mobilidade, comunicación e integración das persoas, ben no exterior como no interior dos edificios. Resposta aberta.

4. Un/Unha profesional que se dedique ao coidado de persoas dependentes debe ser: paciente, traballador/a, voluntarioso/a, agradábel, cariñoso/a, empático/a, dinámico/a, decidido/a, áxil, organizado/a

. 5. Conxunto de parentes dunha persoa. Conxunto formado polo pai, pola nai e polos fillos/as. Conxunto de persoas que teñen un/unha antepasado/a común. Conxunto de persoas que viven na mesma casa. Descendencia. Conxunto de vocábulos que partillan un mesmo morfema radical. Grupo de animais, de vexetais e de minerais que presentan caracteres comúns. Grupo de elementos químicos con propiedades semellantes.

Exemplos: A miña familia paterna é enorme; os meus avós teñen dez fillos/as e todos teñen descendencia. Penso que Carla é da miña familia, mais non temos o mesmo apelido. Despois de tantos días xantando no traballo hoxe por fin vou comer coa familia. Levan anos vivindo xuntos, mais aínda non tiveron familia. Acuático e acuario pertencen á mesma familia de palabras. O elefante é un animal da familia dos proboscídeos. Suspendeu o exame porque confundiu a familia dos gases nobres coa dos metais nobres.

6. Dous pais e tres fillas. Irmán e irmá que conviven coa súa tía, que exerce de titora [sempre e cando cumpran estes tres requisitos: ser orfos de nai e de pai; estar sometidos a tutela, acollemento ou garda da persoa titora e non vivir ás expensas desta

3ª SESIÓN (páx 61: 1,2,5,6)

1. Catastro: censo e rexistro público dos bens inmobles, rústicos e urbanos, que se realizan para determinar a propiedade, situación, superficie e valor destes. Poboacións: conxunto de edificios e de espazos habitados; lugares, aldeas, vilas, cidades... Inmobles: bens ou propiedades que non se poden desprezar, por natureza ou por disposición da lei. Aldeas:

núcleo pequeno de poboación, de carácter rural e con poucos/as veciños/as. Escrituradas: legalizadas por medio dun contrato ou de calquera outra formulación legal.

2. En España, a comunidade autónoma en que se localizan o maior número de poboacións pequenas sen habitantes é Galiza. A información fornecida polo Instituto Nacional de Estadística mostra un panorama pouco favorábel. O 70% das vivendas situadas en aldeas abandonadas están en Galiza.

As actividades 5 e 6 son da vosa opinión persoal e de redactar.

4ª SESIÓN (páxina 97:1,2,5,6 e 7)

1. Tristura: pena, abatemento. Achegarse: aproximarse. acercarse, chegarse. Termar: soste, soportar. Flutuacións: variacións, vacilacións.

2. Verdadeiro Falso Verdadeiro.

5. Cando a Candeloria chora, medio inverno vai fóra: o día da Candeloria é o 2 de febreiro cando xa pasou o peor momento do inverno. O cuco cantando, o verán acabando: trátase dun paxaro que cría tarde, cando se escoita o seu canto o verán está xa a piques de rematar. Desde Santos a Nadal é o inverno natural: establece que os meses de verdadeiro inverno son novembro e decembro. Maio chuvioso, verán caloroso: cando na primavera chove intensamente prognostícase un verán caloroso

6. Resposta aberta.

7. Resposta aberta.